



Proposta de adxudicación relativa á contratación para a subministración e instalación de material audiovisual para o Parlamento de Galicia

I. O 9 de novembro de 2015, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a subministración e instalación de material audiovisual para o Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado do contrato de 115.000,00 €.

II. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 550, do 11 de novembro de 2015.

O anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 221, do 19 de novembro de 2015.

II. Rematado o prazo constatouse a presentación dunha única proposición:

- Spica S.L.

A Mesa de contratación procedeu ao estudo da documentación presentada pola empresa no sobre "A", que foi admitida a participar na contratación.

III. En sesión pública celebrada o 10 de decembro se comunicou o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión da oferta presentada e procedeuse á apertura do sobre "B", que foi trasladado ao Servizo de Tecnoloxías da Información para a súa valoración.

Na sesión pública celebrada o 14 de decembro a Mesa de contratación comunicou que, logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación, determinouse que a oferta presentada Spica, S.L. cumpre cos mínimos esixidos no PPT, se valora positivamente a documentación presentada polo licitador no seu sobre B, e que non se considerou necesaria a atribución de puntuación por ser innecesario ao tratarse da única oferta presentada.

Posteriormente procedeuse á apertura do sobre C; a oferta presentada pola empresa licitadora foi a seguinte:

- *Prezo:* 102.400,00 €.
- *IVE:* 21.504,00 €.
- *TOTAL:* 123.904,00 €.
- *Aumento do prazo de garantía esixido:* 24 meses

Analizado pola Mesa de contratación o contido sobre C da única empresa concorrente se constatou que oferta económica esta dentro do orzamento de licitación e, en xeral, cumpre os requisitos esixidos nos pregos, polo tanto acordou proporlle á Mesa do Parlamento de Galicia que requirira a Spica, S.L. a presentación da documentación do apartado 7 da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

IV. Á vista da proposta de Mesa de Contratación, a Mesa do Parlamento, previa fiscalización da Intervención Xeral da Cámara, acordou, na súa reunión do 15 de decembro de 2015, requirirle a Spica, S.L. a presentación, no prazo de dez días hábiles, da documentación prevista no prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o

caso, á adxudicación do contrato. Dito Acordo foi notificado electrónicamente e recibido pola empresa o 15 de decembro de 2015.


V. O 21 de decembro Spica, S.L presentou a documentación requirida (registro nº 45.074), incluíndo a constitución na Intervención da Cámara da garantía definitiva mediante o depósito do aval nº 010000020510 de SOGARPO, S.G.R. por importe de 5.120,00 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

VI. En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, propónse á Mesa do Parlamento a adopción do seguinte Acordo:


- *Adxudicar o contrato administrativo para a subministración e instalación de material audiovisual para o Parlamento de Galicia á empresa Spica, S.L., polos seguintes importes:*

- *Prezo:* 102.400,00 €.
- *IVE:* 21.504,00 €.
- *TOTAL:* 123.904,00 €.
- *Aumento do prazo de garantía esixido:* 24 meses

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2015.



Vº e praxe
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior



Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia